



REIGOSA, Antonio. "Galicia Encantada: Enciclopedia da fantasía popular de Galicia. Un porvir para a tradición". *Culturas Populares. Revista Electrónica* 4 (enero-junio 2007), 9pp.

<http://www.culturaspopulares.org/textos4/articulos/reigosa.pdf>

ISSN: 1886-5623

---

## ***GALICIA ENCANTADA: ENCICLOPEDIA DA FANTASÍA POPULAR DE GALICIA.***

### **UN PORVIR PARA A TRADICIÓN**

ANTONIO REIGOSA

Museo Provincial de Lugo

#### **Resumen**

Galicia Encantada (<http://www.galiciaencantada.com>) es un proyecto para internet que nace de la necesidad de comunicar, de estudiar, de divulgar y de preservar para el futuro un patrimonio vivo. Su objetivo principal es la literatura oral aunque abarca, o pretende abarcar, todas las manifestaciones que consideramos patrimonio inmaterial. Galicia Encantada es un proyecto interactivo, dinámico, congregador de esfuerzos y saberes, con vocación de ser útil a los gallegos y a los que quieran conocer nuestra cultura.

**Palabras clave:** Galicia, folklore, antropología, cuento, leyenda, superstición. internet, magia, brujería, diablo.

#### **Abstract**

*Galicia Encantada (Bewitched Galicia) (<http://www.galiciaencantada.com>) is an online project for communication, study and preservation of a living heritage. Its main subject is oral literature but it also hosts all demonstrations considered as immaterial heritage. Bewitched Galicia is an interactive and dynamic project that has the purpose of being useful to Galician people and all those who want to know Galician culture.*

**Keywords:** Galicia, Folklore, Anthropology, Folktale, Legend, Superstition, Internet, Magic, Witchcraft, Devil.

**D**enominamos virtual ao probable ou posible, ao ficticio, ao que non sendo aínda pode selo, ou a aquilo que sen ser real pode parecelo ou producir sensacións moi semellantes. Chamamos tradición ás informacións, ritos, costumes, coñecementos ou crenzas que nos chegan dos devanceiros, xeralmente por vía oral. Galicia Encantada bebe da tradición e medra e ten sentido no mundo virtual como se o pasado se proxectase nun espello de futuro. Galicia Encantada é, xa que logo, un proxecto que nace da necesidade de comunicar, de procurar o contacto entre esas dúas beiras dun mesmo río que aparentan tan illadas, a do pasado e aqueloutra ribeira que anxeamos para que a tradición sobreviva sen sucumbir ao ímpetu da corrente globalizadora. Galicia Encantada é, ou quere ser, unha ponte

virtual que tenta salvar a desconfianza xerada nos tempos actuais para coa tradición e para co seu futuro.

Mais o certo é que, deixando atrás as retóricas e figuras literarias, Galicia Encantada trata dun patrimonio semiesquecido, marxinal, moi devaluado, case clandestino, seguramente porque nos vén do pasado e porque a sociedade galega actual, como toda sociedade moderna, ten tendencia a non mirar atrás. A síndrome da estatua de sal, se cadra. E isto é así, entre outras moitas razóns, porque ese patrimonio se transmitiu fundamentalmente por vía oral, porque provén de devanceiros aos que temos tendencia a considerar intelectualmente inferiores a nós, e porque a enorme capacidade de persuasión dos medios de comunicación actuais discrimina negativamente todo o que non é mercado ou propaganda útil para o intre inmediato.

Por outra parte, estar na rede é unha das mellores maneiras de estar no mundo, así que os que compartimos a mesma cultura, os que pretendemos estudala e divulgala para facela visible e accesible non podemos virarlle as costas a un medio que posibilita que os galegos de Arxentina, de Australia, de México e os do Courel, poñamos por caso, poidan relacionarse en tempo real, entendéndose na mesma linguaxe cultural. E cos galegos, ou canda os galegos, o resto do mundo interesado ou curioso do noso patrimonio oral

O proxecto *Galicia Encantada, Enciclopedia da fantasía popular de Galicia* (<http://www.galiciaencantada.com>), promovido por quen suscribe e co asesoramento técnico de Manuel Fernández Prado, de Desarrollos Lugonet, está operativo na rede desde o 3 de marzo de 2005. Como xa dixemos o principal obxectivo desta proposta consiste en aproveitar as inmensas posibilidades da internet para achegar a calquera interesado, sexa cal sexa o punto xeográfico onde se atope, a máxima información posible arredor da literatura, das prácticas textuais e, en xeral, de expresións orais moi variadas do patrimonio inmaterial galego. Ao mesmo tempo, e á inversa, esta mesma vía permite a quen así o desexe estar en disposición de incorporar a esta base de datos todos aqueles documentos do tradicional galego que calquera colaborador, desde o recuncho máis insospeitado, teña a ben propoñer. Cremos contribuír así a unha maior difusión e coñecemento da nosa identidade e a unha posta en valor dos nosos referentes culturais, non para para conservalos como mostras arqueolóxicas do pasado senón como patrimonio vivo, chave e alicerce do futuro; sabendo de onde vimos, mellor transitaremos polos camiños do porvir.

Prestamos especial atención ás manifestacións de carácter local, ás novas e particularidades dos seres míticos que habitan as nosas xeografías máis íntimas: mámoas, castros, fontes, penedos, covas, illas, pozos, camiños, montes, ríos, santuarios..., o que, aos

poucos, vai ir permitindo elaborar o que poderíamos denominar *corpus* da fantasía popular de Galicia. Desde o local ao universal para non perder as referencias neste mundo globalizado e totalizador.

Entendemos que merece a pena poñer en valor a literatura de tradición oral, a primeira literatura que existiu, e amosar as posibilidades educativas e formativas deste patrimonio. Por iso, a modo de preceptos ou obrigas esixibles a este proxecto, propoñemos actividades axeitadas para coñecelo e gozalo, tratando de estimular o interese dos máis novos para que nun futuro non moi afastado nos releven no seu estudo, investigación e difusión, para que reclamen un lugar para a nosa literatura oral como parte que é dun sistema literario antigo e universal. Directa e indirectamente tratamos de incentivar o coñecemento da contorna e dos seus moradores, evidenciar o valor das tradicións e o das persoas maiores que as coñecen, amosar o proveito da conversa e o da necesidade de saber escoitar e contar. Todo isto, ademais, pode axudar a integrar os procedentes doutras culturas, compartindo os seus contos e os nosos que, ao cabo, son os mesmos.

En resumo, queremos facer visible un patrimonio e canda el a idea de que se pode gozar contando e escoitando; *escribindo coa boca e lendo cos oídos*, para que, finalmente, facendo uso das TIC, os máis novos poidan *navegar* entre dous mundos aparentemente incompatibles: o da tradición e o da modernidade. Neste senso, entendemos que os poderes públicos con responsabilidades culturais e educativas deberan contribuír decididamente a este entendemento interxeneracional.

A web organízase en seccións e/ou categorías atendendo a enunciados como *a morte, o alén, augas, astroloxía, heroes, a medicina, os ritos, a fauna ou a flora, a literatura, a mitoloxía relixiosa, o lume, o calendario popular, pedras, demo, seres míticos, lendas urbanas, publicacións, toponimia, xogos, ...etc.* Nestas e noutras categorías inclúense os documentos atendendo ao tema, aínda que, como é obvio, ao tratarse de materia susceptible de múltiples clasificacións, moitos dos documentos incorporados aparecen en varios destes apartados.

No que chamamos seccións: Área Recreativa, Rutas Encantadas, Colaboradores ou a Revista achégase información práctica ou propostas de carácter didáctico. Así, paseniño incorpóranse artigos moi variados de investigación á Revista (ISSN 1887-2859), propostas didácticas para o mundo escolar baixo o título Didáctica da fantasía, rutas posibles na actualidade para seguir as pegadas da tradición en Rutas Encantadas, e ata existe a Área Re-creativa onde atopan acomodo as creacións de autor que revisan e actualizan, ou propoñen facelo, o discurso da tradición.

A pesar disto, o éxito máis reconfortante acadado ata o de agora pola web Galicia Encantada é, sen dúbida, o importante número de colaboradores que achegaron traballo de seu para que todos os compartamos. E entre estes colaboradores contamos varios grupos escolares coordinados por profesorado sensibilizado e disposto a estimular entre o alumnado o coñecemento do patrimonio inmaterial. Se este proxecto contribuíu a este espertar, xa mereceu a pena.

Eterno agradecemento pois a todos eles polos textos, polas fotos e polas fermosísimas ilustracións enviadas pola excelente debuxante Noemí López que puxo rostro aos seres da nosa tradición. Galicia Encantada pode presumir, grazas a todos estes colaboradores, de ser unha ilusión compartida; de ser, por tanto, unha ilusión con porvir.

Por último, lembrámoslle ao viaxeiro polas páxinas de Galicia Encantada que pode contribuír ao seu crecemento a través do formulario “Envía unha lenda” dende calquera punto xeográfico, de Galicia ou do resto do mundo, e achegar “fantasías” a esta “lareira virtual”, á calor dun patrimonio compartido. Case mil douscentos documentos en arquivo e máis de duascenas mil visitas nestes dous anos e pouco de andaina son un estímulo nada desprezable.

Velaí algúns exemplos:

## DOCUMENTOS

### **A cidade de Proencia**

Proencia estaba en Proendos, Sober (Lugo), era cidade de mouros e agora está aterrada. Nun pozo da finca do Barbados había dúas campás de ouro. Neste mesmo pozo escavaron os devanceiros da casa e atoparon dúas olas; unha con ouro e outra con veneno. Parece que abriron a de veneno e que morreron todos os da casa agás a criada e un cativo que seica estaban co gando no monte.

Fálase dun libro que tiña as instrucións para facerse rico. Se tiñas valor e saías á hora ao lugar sinalado, había aparecer un touro cunha cadea de ouro á rastro. Quen non tivese medo quedábase coa cadea pero, polo visto, ninguén tivo valor. Tamén dicía o libro que había unha cadea de ouro pola rodeira do carro do camiño de San Cristovo; o que lese ben no libro quedaba coa cadea pero o que lese mal, convertíase en cobra.

Tamén se fala da existencia dunhas campás de pau co badal tamén de pau, capaces de predicir acontecementos, e que *en* Pedride se botabas un cribo a rolos, alí onde parase había tesouro.

*Fonte: Grupo “ O Tricole”. Documento inédito sobre as lendas de Sober*

### **Teresa da Creería, a panadeira dos mouros**

En Pena Rubia, en Vilisome, San Estevo de Anllo, Sober (Lugo) vivían os mouros.

O pan facíallelo unha muller de Bordelle chamada Teresa da Creería e cóntase que unha vez, mentres ela amañaba para cocer, os mouros foron buscar leña para o forno e quedou soa na casa.

Os mouros deixaron unha ola no lume e rogáranlle á panadeira que non mirase o que había dentro. Pero ela mirou e viu que dentro da pota había unha caveira cos pelos requichados.

A panadeira colleu medo e botou a correr pola ribeira arriba cara á súa casa. Daquela regresaban os mouros coa leña e ao vela correr berrábanlle:

–¡Teresa da Creería, vulva polo crecente e pola pineira!

E ela contestáballes:

–¡Non volverei eu non, anque de ouro se volvera!

*Fonte: Grupo “ O Tricole”. Documento inédito sobre as lendas de Sober*

### **O libro do crego de Rioaveso**

Pasou en Xeada, Rioaveso, Vilalba (Lugo). Cando había treboada, o crego collía un libro que tiña e lendo nel conseguía apartar a saraiba para que descargase nun camiño, onde non fixesen mal a ninguén.

Un día que o crego estaba en conversa cuns veciños das casas de Xeada, pousou o libro e un neno que pasou colleuno, e, sen dárense conta nin o crego nin os outros veciños, xa o viron erguerse no aire co libro na man, levitando.

O crego berroulle:

–¡Ah, pájaro, onde estás! ¡A ver se me podes mandar o libro aberto!

Conseguíu baixarlle o libro pero o neno seguía aló enriba. Entón, o crego púxose a ler no libro ó revés, moi despaciño, e o neno foi baixando a modo. Se le apurado ou pecha o libro, o neno baixaría de golpe e podíase matar.

*Fonte: Arquivo Chaira: Información de CORSINA PRADO RÍO, Campelas, Rioaveso, Vilalba. 9 de xuño de 1993.*

### **O nome do caracol**

¿Sabedes por que lle chaman caracol ó caracol?

Unha vez estaban Jesús e San Pedro poñéndolle nome ós animais e entonces todos tenían ya nome menos un bichiño que iba arastrándose, con cornos e todo eso por aí. Iba arastrándose polo suelo e dice San Pedro, dice:

–¡Jesús! –dice–, e a ese ¿como lle poñemos, que non ten nome?

E queda Jesús pensando e dice:

–E vai de cara á col –dice–; pois mira, como vai de cara á col, vámoslle chamar caracol.

E salta o caracol; dice:

–¡Je, menos mal que non vou cara a un allo!

*Fonte: Arquivo Chaira: Transcripción da versión oral de Luis NÚÑEZ, Lugo. abril de 1998.*

### **O demo coxo en Abadín**

Este demo é o encargado de recoller as almas dos que morren pero, como é trencoso, case nunca chega a tempo. Cando se tropeza con el, o mellor, para que non nos faga dano, é dicir as palabras de San Xoán Retorneadas, se é que se saben; senón que haxa sorte. Hefaistos e Baco tamén eran coxos e estaban relacionados co inferno.

O Xosé, tería vinte e tantos anos, ía ver a moza e no camiño por onde traían os mortos dos Samordás, parroquia de Galgao, concello de Abadín, deulle a gana, dispensando, de baixar os pantalóns. Arrimouse así a un lado do camiño e estivo facendo as súas necesidades. E, niso, ve que pasa alguén coxeando polo camiño que vai cara a igrexa parroquial; e era o demo, e coxeaba.

O mozo levantouse e quedou quieto. E foi boa sorte porque se lle chega a falar ó mellor o leva canda el. O Xosé despois soubo que aquel día houbera un defunto nos Samordás e supuxo que o demo coxo non chegara a tempo para recibir a alma do que morreu, e regresaba desgustado.

*Fonte: Arquivo Chaira: Información de ATILANO RIVAS,  
Rego da Cal, Galgao, Abadín (Lugo).*

### **O cura Antoñanes e os nubeiros**

Na parroquia de Abeledo, concello de Abadín (Lugo) houbo un cura que lle chamaban O Antoñanes.

Un día presentouse unha tormenta e o cura, que estaba na casa rectoral, púxose a ler nun libro que tiña enriba da mesa do escritorio.

Lía de présa e suaba. E así estivo bastante tempo ata que, moi apurado, tivo que meterse debaixo da mesa, xusto a tempo para librarse dun coitelo grande que se chantou no medio e medio da mesa.

De inmediato, a treboada foise indo e descargou no monte, onde non fixo dano a ninguén.

O coitelo mandárao o nubeiro, vencido polo esconxuro do cura Antoñanes.

*Fonte: Arquivo Chaira: Información de FRANCISCO PÉREZ,  
O Carballo, Abeledo, Abadín (Lugo). 15 de novembro de 1992.*

### **Pena Roldán**

Na parroquia dos Vilares, concello de Guitiriz (Lugo) hai unha enorme pena duns seis metros de altura con dúas grandes fendas e mais un anaco desprendido pousado no chan.

A finais do século XIX construíse unha casa que apoia a parte posterior e mailo lateral dereito sobre a pena e actualmente viven nela Agustín Tejjido, alcumado Agustín de Roldán, e a súa dona, Sara Lobeiras.

O nome do penedo, Pena Roldán, venlle, segundo a lenda, de cando Roldán pasou polo lugar, canso xa de pelexar contra os mouros. Vendo que lle chegaba a hora de morrer quixo deixar a súa pegada na rocha; coa súa espada fixolle dúas fendas á pena e logo debuxoulle unha cruz. Na parte superior da pedra pódense ver aínda as pegadas das ferraduras

do seu cabalo e hai quen escoita, de cando en cando, tronos e falas dentro da rocha coma se o heroe, o paladín Roldán, e o seu cabalo aínda cabalgasen por riba do penedo.

*[Información de Cristina Pérez, en “El Progreso”, xoves 18 de maio de 2006, páx. 16]*

### **A fonte dos tres xuncos**

En Rubiás dos Mistos, na parroquia de Santiago de Rubiás, concello de Calvos de Randín (Ourense), hai un monte coñecido como A Torre que agacha unha fonte misteriosa.

Só pode vela quen non vaia pensando nela; o que devece por atopala pode pasar mil veces por cabo dela que nunca a chegará a ver.

Cabo da fonte nacen tres xuncos pero, coidado: segundo por cal puxes o destino resérvache ouro, prata ou carniza. Se sae ouro, serás rico toda a vida; se sae prata, quedas como estás; mais se o que sae é carniza todo o que che quede de vida serás un desgrazado.

*[Recollido por José González Rodríguez en xaneiro de 1994  
a Carme Escudero Rodríguez de 86 anos]*

### **Herba peliqueira**

Herba imprescindible para saber onde hai tesouros. Atópase no máis fondo das covas ou en foxos profundos nos que nunca xee nin cheguen os raios do sol, pois perdería as propiedades.

Unha vez apañada hai que cocela en auga de sete banzados e tomala durante doce días consecutivos. A noite seguinte revelaráselle nun soño a quen tomou o bebedizo o lugar exato onde se encontra o tesouro, a que profundidade e incluso a forma do recipiente que o garda.

*FOLGAR CRESTAR, Abilio, Historia de Moraña y tradiciones gallegas,  
Imprenta Paredes, Pontevedra, 1975. VAQUEIRO, Vitor, Guía da Galiza Máxica,  
Galaxia, Vigo, 1998.*

### **Ponte Pedriña**

De vez en cando, aínda que só nas épocas de seca, vese, coma se fose o esquelete dunha pantasma, o que queda da Ponte Pedriña, a vella ponte romana do concello de Bande (Ourense) que dorme baixo as augas e que era paso da Vía XVIII, Itinerario de Antonino (A Vía Nova). Esta ponte foi declarada Monumento histórico-artístico o ano 1944 e cinco anos despois, sen atender a tal distinción, foi anegada baixo as augas do encoro das Conchas.



A historia fantástica popular é outra ben diferente. Un mozo de Santa Cruz rondaba unha moza da outra beira do río. Para ir xunta dela cruzaba polas poldras pero unha vez unha enchente de auga que arroiaba impediulle atravesar. O mozo botaba xuramentos e maldicións, tantos e tan fortes que se presentou o demo e propúxolle un trato. Lucifer comprometéase a traballar toda a noite para construírle unha ponte; o mozo, a cambio, tería que entregarlle a alma cando morrese.

O mozo, vese que gobernaba o amor a súa conciencia, aceptou o trato e o demo en vindo a noite púxose a facer a ponte. Pero xa amencía e aínda lle quedaba unha pedra por colocar. Vaia; non deu rematado a obra.

Contrariado polo contratempo o demo seica dixo:

–Por culpa dunha pedriña nunca me fuches pagada. Vivirás sempre maldita e morrerás afogada.

Coa maldición deulle nome á ponte. O curioso é que sen a pedra que lle faltaba a ponte foi de moita utilidade desde os tempos romanos ata que os argalleiros do encoro cumpriron a maldición. ¿El non será o demo o que tamén constrúe os encoros?

*Lenda recollida por Rosa MARTÍNEZ GARCIA na freguesía de Santa Cruz, Bande (Ourense), en 2001, e publicada na revista virtual Setestrelo.*